

Discurso da alumna de 2º A de Bacharelato, Claudia Calvelo

A día de hoxe, a pesar de que lle teño moito cariño a este instituto, espero ter que voltar só de visita ás súas aulas. Non sei vós, pero só hai unha cousa pola que sigo agardando: poder gritar nunha clase de galego con Nacho que os extraterrestres veñen a invadirnos a lombos duns tiranosaurios rex azuis, espantando a eses simpáticos animalíños (si, os coelliños) que tanto amenizan as clases neste centro.

E é que no *Neira Vilas* non só viñemos a prepararnos academicamente para ser unhas mulleres ou homes de proveito, xa sabedes, políticos, funcionarios..., senón a crecer como persoas, grazas a cada un de vós, os profesores, e tamén entre compañeiros de clase, este grupo de tan diversos persoeiros que nos graduamos hoxe, é como é, e non doutro xeito: uns fillos do seu tempo, como dicía Fernando. Si, algúns profesores levarán as mans á cabeza pensando «mi madriña, se son así pola miña culpa...», pero é certo, e aproveito para dárvo-las grazas pola vosa paciencia durante todos estes anos á hora de ensinarnos como son as cousas (Que saibades que nós tamén tivemos paciencia convosco... nalgúns casos, claro).

Levamos lembranzas de exames imposibles, enfados por coincidencias destes con outros, datos a moreas, agobios e présas, pero sempre despois destas auténticas treboadas chegaba a calma, e superámolas grazas a atopa-los nosos amigos nas aulas pola mañá, compañeiros cos que enriquecemos esta etapa das nosas vidas, compartindo intres nos que cada un de vós marcounos con algunha simpática peculiaridade.

Descoñeciamos se a glucosa é alfa ou beta, pero a pesar de «non vernos moito o pelo» Mamen abriunos os ollos a golpe de microscopio. Descubrimos que o ácido clorhídrico máis que corrosivo é irritante grazas a Antonio, ademais de que Gauss ten fórmulas para todo, e só algúns privilexiados coma Ramón as entenden. E todo isto descubrímolos saíndo da Caverna de Platón cara este mundo «tope de gama» que nos abre as súas portas, como Carballude cada vez que algún *profé* chega tarde, e é que agora, seremos nós capaces de abrir sen a súa axuda, a vosa axuda, as portas de vida que nos depara o futuro? Non o sei, iso é o fermoso, a incerteza do que sucederá, a simpatía das pequenas cousas, a ilusión do intre no que nos sae algo ben (como espero que saia esta velada).

Porque como diría Elvira, Ea! Xa somos uns mangallóns! E por ela agora nos gusta máis a poesía española (non o neguedes, entendemos a Lorca). Grazas a Ricardo, Warinca e Mercedes, xa podemos fala-lo «*spanglishlego*», necesario para as novas normativas lingüísticas que pode

que teñamos en breve. A tódolos profesores de matemáticas e economía que tivemos (Lois, San Luís, Lastres, Emilia, Antonio, Pablo e Isabel entre outros) necesito dicirvos que a non ser que a nosa carreira o esixa, non voltaremos facer nin derivadas nin integrais (pero contas a fin de mes, securiño).

Ao le-lo periódico lembráronos de Víctor, Darío e esas clases de historia (si, podes chorar coa emoción, lémo-lo periódico! E non só o Marca!). Cando escoitemos a un político falando de desenvolvemento sostible e do burato na capa de ozono, escoitarémo-la voceciña de Milagros coa solución para tódolos problemas ecolóxicos, só que, en pouco tempo, esa utopía quedará nas nosas mans. Poderemos con ela?

Cando veña un electricista ás nosas casas chegaráno-la imaxe de Neira, Xosé e Agustín pelexando cos relés dos nosos proxectos, e nós mesmos seremos quen de arranxa-los PIAS dos nosos marcos eléctricos. Mesmo se algún día nos sorprendemos a nós mesmos facendo o alzado, planta e perfil da nosa futura casa pensaremos nesa aula de debuxo técnico na que Santos e Faustino nos ensinaron como facelo, mentres soaba na radio *Rock'n'Go*. Porque unha clase con música faise máis agradable, e como nos amosou Jesús, fainos poder seguir na procura dos nosos soños, dándolles maxia ás nosas vidas, tan racionalizadas e sistemáticas, ao igual que as ensinanzas de Couce (somos uns privilexiados, a única xeración que tivo antropoloxía con el).

Por outra parte, sempre teremos unha parte de Fraguela nos nosos corazóns, xa que el nos amosou como ser mellores persoas, ve-las cousas boas da vida, en fin, ser alegres e positivos. Grazas a el tiñamos máis paciencia cando Esther non quería facernos fotocopias porque levaba toda a mañá con traballo, e tiñamos que recorrer a Pablo ou María.

Fixemos unha escola guapa con Maricarmen (Tití), para *desestresarnos* nos recreos xogabamos co xadrez ou ao ping-pong con Marías, e logo tomabamos algo na cafetería, onde coñecemos por sorpresa ao irmán e ao pai do noso compañeiro Dani... E é que, que somos se non unha gran familia?

Quédame moita xente por nomear, e é que podería dicir unha «cita célebre» de cada un dos profesores que lle deron clase a esta xeración (si, están apuntadas na miña axenda escolar, agora xa sabéde-lo que escribimos nela), pero seguro que queredes tomar xa canto antes os pinchiños, así que caso xa, sen antes dicirvos a todos que vaia onde vaia, sempre vos levarei comigo, vós téde-la chave da miña amizade. Grazas por compartir estes anos das nosas vidas.